

DEBUXO ARTÍSTICO

Cualificación: Cuestión 1ª = 5 p.; cuestión 2ª = 5 p.

OPCIÓN 1

1.1. Realizar un debuxo de dous cubos e un prisma de base cadrada, onde un dos cubos deberá estar situado diante do prisma. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de claroescuro.

1.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), crear unha interpretación libre da seguinte obra de RIVERA, Diego, 1930-1931: *Cruzando o barranco*.



OPCIÓN 2

2.1. Realizar un debuxo onde interveñan dous prismas de igual tamaño e base rectangular e un cubo; o cubo deberá estar situado diante dun dos prismas. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de claroescuro.

2.2. Con técnica libre e realizando, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha composición interpretando graficamente o texto seguinte:

“De camiño, chegamos a un lugar onde as montañas entre as que avanzabamos abríanse e formaban un val sen fin, inmenso, perfectamente chaira e moi fermoso; máis alá do val víase a montaña santa de Deus, o Sináí”.

EGERIA (Nobre dama do século IV), *“Diario de viaxe”.*

DEBUXO ARTÍSTICO

Cualificación: Cuestión 1ª = 5 p.; cuestión 2ª = 5 p.

OPCIÓN 1

1.1. Realizar un debuxo de dous prismas de base rectangular e un cubo, onde o cubo deberá estar situado diante dun dos prismas, o foco lumínico situarase a dereita dos corpos. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de claroscuro.

1.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha interpretación libre da seguinte obra de HOPPER, Edward, 1925: *Casa a carón da vía do tren*.



OPCIÓN 2

2.1. Realizar un debuxo onde interveñan dous cubos de igual tamaño e un prisma de base rectangular; un dos cubos deberá estar situado diante do prisma, o foco lumínico será único e partirá da esquerda. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de claroscuro.

2.2. Con técnica libre e realizando, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha composición interpretando graficamente o texto seguinte:

“...disfrutabamos contemplando en paz e en calma como o día chegaba ó seu fin, vertendo o seu resplandor vermello sobre a sinxeleza das cousas naquela aldea...”

“Cando o ceo se cubriu de estrelas, sentimo-la inmensidade do silencio e a plenitude da presenza,...”

GARCÍA FAJARDO, José Carlos (2000). *Marrakech, unha fuxida*. Barcelona: Anthropos, páx.94.

CONVOCATORIA DE XUÑO

No primeiro exercicio terase en conta os seguintes aspectos:

- A capacidade expresiva da técnica gráfica escollida.
 - A capacidade de análise e síntese.
 - A composición.
 - O estudio do claroscuro.
 - As relacións de proporcións entre os corpos.
- A puntuación máxima será de 5 puntos.

No segundo exercicio a avaliación contemplará os seguintes aspectos:

- A capacidade creativa do alumno, tanto na comprensión como na expresión, mediante o debuxo das formas a representar.
 - O coñecemento do material a empregar, a súa adecuación ó debuxo a realizar e a capacidade expresiva da técnica gráfica.
 - A composición.
 - A capacidade de representa-lo imaxinado.
- A puntuación máxima será de 5 puntos.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

No primeiro exercicio terase en conta os seguintes aspectos:

- A capacidade expresiva da técnica gráfica escollida.
 - A capacidade de análise e síntese.
 - A composición.
 - O estudio do claroscuro.
 - As relacións de proporcións entre os corpos.
- A puntuación máxima será de 5 puntos.

No segundo exercicio a avaliación contemplará os seguintes aspectos:

- A capacidade creativa do alumno, tanto na comprensión como na expresión, mediante o debuxo das formas a representar.
 - O coñecemento do material a empregar, a súa adecuación ó debuxo a realizar e a capacidade expresiva da técnica gráfica.
 - A composición.
 - A capacidade de representa-lo imaxinado.
- A puntuación máxima será de 5 puntos.